

Camíño. Corenta anos dunha edición

Xosé Luís MÍNGUEZ GOYANES

En 2008 cúmprense os corenta anos da aparición de *Camíño*, versión galega da coñecida obra que condensa o pensamento do fundador do Opus Dei, Xosemaría Escrivá de Balaguer¹.

Tal e como hoxe se sabe *Camino* apareceu por vez primeira impreso en Valencia en 1939, poucos meses despois de rematada a guerra civil. Antes desta data o autor difundiu en velógrafo unhas edicións menos extensas en 1932 e 1933. En 1934 fai outra edición en Cuenca, esta vez impresa, co título de *Consideraciones espirituales*². Só despois da guerra o autor dará á luz a edición definitiva, notablemente máis ampliada, co novo título de *Camino*.

Non imos insistir na influencia de *Camino*, auténtico *best seller* dentro do campo dos libros de espiritualidade. Cando na actualidade son preto de catro millóns e medio os exemplares editados nas máis diversas linguas, non se pode dicir que esteamos ante un fenómeno corrente nos libros deste xénero.

¹ Cara a fins de 1997, cando se acercaba o trinta aniversario de *Camíño*, enviei unha primeira versión deste artigo a unha revista cristiá e galega. A resposta foi un silencio xélido e o artigo quedou sen publicar. Esta pequena anécdota convenceume da necesidade de derrubar, entre todos, outros muros de Berlín. Dez anos despois aparece este breve artigo, nas súas liñas principais semellante ao redactado daquela.

² Pedro Rodríguez (ed.), *Camino. Edición crítico-histórica*, Madrid, 2002.

Pero antes de falar do libro imos mencionar brevemente a relación que tivo Escrivá con Galicia³.

Sábese que o Opus Dei o funda en Madrid o 2 de outubro de 1928 o sacerdote aragonés Xosemaría Escrivá de Balaguer (1902-1975). A recentemente nacida institución postulaba un novo camiño de santificación no medio do mundo, a través do exercicio do traballo profesional e o cumprimento dos deberes familiares e sociais dos seus membros. No panorama católico das primeiras décadas do século XX o Opus Dei significaba unha innovación, un novo xeito de entender a figura do laicado.

Escrivá estivo en Galicia en diversas ocasións, aínda que por pouco tempo en todas elas. A súa primeira visita a Galicia ten lugar durante a guerra civil. En Santiago de Compostela permanece durante os días 17 e 18 de xullo de 1938. O fundador do Opus Dei chega como peregrino a esa cidade para beneficiarse das grazas xubilares do Ano Santo de 1937, que se estenderon –por mor da guerra civil– ata 1938.

Con posterioridade recorre Galicia en sucesivas viaxes durante os anos 1943, 1945, 1946, 1947, 1948, 1953 e 1961⁴. O Opus Dei comezaba os seus primeiros balbucidos en Galicia.

³ As principais fontes das que proceden os datos deste artigo, ademais das que se citan noutras notas a pé de páxina, son as seguintes:

- Xosé Luis Mínguez Goyanes, *Quiroga Palacios no seu tempo*, Santiago de Compostela, 2000.
- José López Ortiz, Santos Moro Briz, *Josemaría Escrivá de Balaguer: un hombre de Dios*, Madrid, 1992.
- *Registro Histórico del Fundador*. Prelatura do Opus Dei (Madrid).
- Entrevista do autor con Miguel Arango, director xeral de Ediciones Rialp (Novembro 1997).
- Carta de Armando Vázquez Crespo ao autor (Madrid, 24-10-1997) e conversas mantidas con este autor en xaneiro-marzo de 2008.
- Carta de Pedro M^a. Gutiérrez Aguirre ao autor (Oviedo, 28-2-1998)

⁴ Hai constancia documental da estancia de Escrivá de Balaguer nas seguintes localidades galegas:

- 17-18 de xullo de 1938 (Santiago de Compostela)
- 15-18 de setembro de 1943 (Ourense, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, A Toxa, Vigo e Santiago de Compostela)
- 2-3 de febreiro de 1945 (Vigo, Tui)
- 10-12 de febreiro de 1945 (Santiago de Compostela)
- 19 de agosto de 1945 (Tui)
- 22 de setembro de 1945 (Vigo)
- 28 de setembro de 1945 (Santiago de Compostela)
- 3-5 de febreiro de 1946 (Santiago de Compostela)
- 7-14 de setembro de 1947 (Lugo, Santiago de Compostela, Vigo, Tui, A Coruña)
- Principios de abril? de 1948 (Mondoñedo)
- 6-11 de setembro de 1948 (Santiago de Compostela, Vigo, Tui)
- 10 de outubro de 1953 (Tui)
- 25-26 de xullo de 1961 (Santiago de Compostela)

Escrivá de Balaguer tivo trato con diversos bispos galegos. Cando estaba estudando na Unniversidade de Zaragoza a principios dos anos vinte, coñeceu a frei Xosé López Ortiz, máis tarde bispo de Tui-Vigo, co que mantería a amizade ata a súa morte. Coñeceu a Quiroga Palacios posiblemente cando este era cóengo en Valladolid, nos anos corenta. Ambos manterían unha relación esporádica, aínda que afectuosa segundo a correspondencia conservada, durante moito tempo⁵.

O primeiro membro do Opus Dei que se establece en Galicia é Amadeo de Fuenmayor, que chega a Santiago de Compostela en 1943. En 1945 veñen á mesma cidade Laureano López Rodó e Ángel López Amo. Os tres eran profesores da Facultade de Dereito. Neste último ano fúndase o primeiro centro do Opus Dei en Galicia, sito na Rúa Nova, 16, de Santiago de Compostela. O Colexio Maior A Estila comeza a construírse en 1946. Inaugúrase o 21 de decembro de 1948 e os primeiros estudantes chegan en xaneiro de 1949. Nas inmediacións deste colexio inaugúrase en 1955 o centro de convivencias do Pedroso, no que seculares e sacerdotes galegos realizarán exercicios espirituais e convivencias. En 1962 comeza a funcionar un centro do Opus Dei en Vigo e en 1966 outro na Coruña. Desde eses centros atendíanse outras capitais galegas. En ambas as dúas cidades, ademais, comezaron a funcionar colexios de ensino medio nos que a dirección espiritual estaba encomendada ao Opus Dei.

A fins de 1964 Escrivá de Balaguer comentou en San Sebastián, ante un grupo de estudantes do Colexio Maior Aralar, que ía aparecer unha tradución de *Camino* ao galego. ¿Que pasa desde esta data ata 1968 na que por fin aparece o libro?

A idea de editar *Camino* en galego posiblemente xurdiu nos primeiros meses de 1964, nun dos encontros entre Pedro M^a. Gutiérrez

⁵ En febreiro de 1946, dous anos despois de editado, Escrivá enviou a Quiroga un exemplar dedicado do seu libro *La abadesa de Las Huelgas*. Nunha das frecuentes viaxes que Escrivá facía pola península na década dos corenta tenta ver a Quiroga, bispo de Mondoñedo. Como Quiroga non se atopaba nesa localidade Escrivá déixalle unha carta: “Un saludo cariñoso, a mi vuelta de Roma, y decirle que tengo muchos deseos de verle y charlar. No deje de avisarme, si V.E. Revma. viene a Madrid. Yo sentí no poder abrazarle, a mi paso por Mondoñedo; y también sentí dejar mi tarjeta en manos de una abanderada, que no sé si la pondría en las del Sr. Obispo, con el cariño y el respeto debidos” (O exemplar de *La abadesa de Las Huelgas* e máis a carta de Escrivá de Balaguer a Quiroga Palacios - Madrid 16/4/1948- no arquivo do autor). Por estes mesmos anos Quiroga escribe a Alvaro del Portillo, unha das persoas máis próximas ao fundador do Opus Dei, e lle comunica o seu “alto aprecio al muy amado D. José María Escrivá y mi profunda admiración por su magnífica Obra”.

Aguirre, sacerdote vasco do Opus Dei que vivía en Santiago de Compostela, e o escritor e xornalista Armando Vázquez Crespo, que por aquela época publicaba periodicamente en Lugo, na folla diocesana titulada *Antena*, uns relatos en galego titulados "Cousas do Tío Mingos". Estes contos dialogados entre un cura e un feligrés fariáanse moi populares co paso do tempo. Parece que Aguirre lle comentou a Vázquez Crespo algunha anécdota sobre a versión ao éuscaro de *Camino* e froito daquelas conversas este último propoñería a tradución da obra ao galego. Vázquez Crespo naquela época estaba a traducir do grego ao galego unha escolma das fábulas de Esopo, que sairía publicada ao mesmo tempo que *Camino*.

O caso é que Vázquez Crespo emprendeu a tradución, traballo que se prolongou durante dous anos. Rematada a tradución Crespo solicitou a Aguirre, e mesmo á editorial Rialp, que se fixera unha supervisión do texto traducido. Esta editorial é a que editaba e vén editando o libro desde 1945.

O texto da tradución parece que se lle entregou para a súa revisión –segundo a lembranza do tradutor– a Ramón Otero Pedrayo, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas e Domingo García Sabell e posiblemente a unha quinta persoa máis da que non sabemos o nome. Consérvase o ditame de Filgueira, datado en 1966⁶. Non temos constancia de que se conserven os outros informes, aínda que parece que todos os consultados deron o seu beneplácito e puxeron de relevo a grande dificultade que tiña unha tradución deste tipo.

Cara a 1966 Xosé Filgueira Valverde era alcalde de Pontevedra e director do instituto de ensino medio da mesma cidade. O ditame solicitoullo Jesús Larralde, catedrático de Farmacia da universidade compostelá, que fora director do Colexio Maior A Estila durante varios anos pero que daquela xa non se atopaba en Santiago de Compostela. É posible tamén que o mesmo Larralde solicitara o resto dos informes sobre a tradución.

O devandito ditame de Filgueira Valverde é o seguinte:

Museo de Pontevedra,

Pontevedra, 16-2-1966

Sr. D. Jesús Larralde

Catedrático de la Universidad de Navarra
Pamplona

Mi querido amigo:

Acabo de terminar la revisión de la traducción gallega de "Camino". Ante todo le pido disculpe la tardanza; tuve que hacerla a ratos perdidos, a salto de mata, entre correcciones de pruebas, de ejercicios y de... acuerdos municipales.

⁶ A copia deste ditame proporcionoulla A. Vázquez Crespo.

Tengo que hacer un elogio de la labor del traductor. Se orientó hacia la línea más difícil que fue la de mantener, casi literalmente, la expresión. Confieso que yo la hubiera sacrificado muchas veces, en favor de la sintaxis local.

Mis sugerencias, pues sólo son sugerencias, son de tres tipos.

Ortográficas. Suprimiría radicalmente los apóstrofes. En gallego hay sinalefa, como en castellano, como en todas las lenguas. La graffa debe servir de freno y no es conveniente llenar de signos las planas sin necesidad. En unos casos daría íntegras las palabras ("de estar"), en otros, a lo sumo, uniría ("daquela"), nunca "d'estar" ni "d'aquela".

Fonéticas. Huiría del excesivo vulgarismo. Prefiero "predicar" aunque sea un castellanismo, al "pardicar", "perdicar" y hasta "paradicar" que por ahí corren. Pero también desecharía cualquier cultismo de "refección" innecesario. Si hay que hablar de "espectáculos" puede usarse la palabra así, o entre comillas; "esispeitaglo" me parece artificioso y lo que es peor, antiestético. Los "achádegos de cadeirádegos" dieron muchos motivos de bromas sobre el gallego en los años treinta⁷.

Léxicas. Sugiero bastantes cambios. A veces con criterio firme (tachando lo que hay) otros con dudas (superponiendo y hasta señalándolas con un interrogante). Diría *Deus* en todo el texto, aunque en gallego actual se diga *Dios* las más de las veces. Prefiero las terminaciones -an -ans (cristián).

Un rasgo de intimidad en la expresión de "Camino" es el uso del reflexivo con valor de afección o como dativo ético. En gallego pierde fuerza la frase sin ganar en "inmediatez". Creo preferible "non esquezas" a "non te me esquezas", "non se te me esqueza", e incluso "non te esquezas".

Reconozco que hay pasajes intraducibles sin traicionar el sentido. Otros, polémicos, cualquiera que sea la tradución (387 ss. 836, 850). Comprendo que el circunloquio "falta de respetos humanos" deja a la frase sin "mordiente", pero "desvergónza" en gallego podrá entenderse "impudor". Es más grave "mala lengua", que significa maledicencia. Sugiero "mal falar", que, en cambio, es lo contrario de "falar ben". Doy, con todas las reservas, una "interpretación" del párrafo 850, de muy delicada versión⁸.

⁷ É curiosa esta mención aos "hachádegos de cadeirádegos" (ou "haxádegos", que tamén utilizou), que como se sabe foi unha expresión de Unamuno empregada para criticar o que el cría que eran artificiosas innovacións diferenciais. Sobre esta cuestión vid. A. Rodríguez Guerra, *Miguel de Unamuno e a lingua galega*, Santa Comba (A Coruña), 2002, p. 136-147. O xornalista Roberto Blanco Torres menciona este tema nunha carta dirixida a Unamuno en decembro de 1934. Vid. do mesmo autor: *Epistolario galego de Miguel de Unamuno*, Santiago de Compostela, 2000, p. 162.

⁸ Filgueira Valverde neste punto semella indicar que acompaña un texto, que non se conserva. No Museo de Pontevedra, onde está depositado o arquivo de Filgueira, non se atopan ningún documento referente a esta tradución de *Camino*.

Encuentro grandes aciertos en cientos de frases. Mi enhorabuena al anónimo traductor y mis deseos del mejor éxito.

Perdón por lo que pueda haber de suficiencia o de pedantería en estas líneas, tan tardías.

Un abrazo cordialísimo y el deseo de un año 1966 lleno de aciertos, de éxitos y de satisfacciones en todas sus tareas.

Recuerdos a todos esos amigos de la Universidad.

Le abraza su affmo. s.s.

José Filgueira Valverde

Camino aparece por fin nas rúas en abril de 1968. En formato de edición de peto, con 351 páxinas, conta cunha "nota editorial" na que se fan unhas consideracións arredor da obra e unha pequena biografía de Escrivá de Balaguer. Diversos artigos aparecidos na prensa galega e mesmo de ámbito nacional daban conta da noticia⁹.

Na época na que aparece *Camino* o libro xa estaba traducido a dezaseis idiomas e contaba con máis de dous millóns de exemplares editados. Naquel momento había vinte e seis edicións en castelán. En 1955 aparecera a primeira edición en catalán (*Camí*) e en 1964 a vasca (*Bidea*).

O libro presentouse o 23 de abril de 1968 en Santiago de Compostela, conmemoración do Día do Libro, no Hostal dos Reis Católicos. O acto estaba organizado pola librería Porto no nome da editorial Rialp.

Fixo a introdución do acto Ángel Porto Anido, director de "Porto, S.A. Librería religiosa" e que fora alcalde de Santiago de Compostela de 1957 a 1964. Porto Anido dixo que a presentación desta edición era un "encargo muy honroso que cumplimos con el aval magnífico de don Ramón Otero Pedrayo, a quien no es necesario presentar". De seguido houbo unha intervención de don Ramón Otero Pedrayo, quen

⁹ Entre eles: M. Fernández Areal, "*Camino* y el estudiante", *El Correo Gallego*, 20-4-1968. "Liturgia gallega", *La Región*, 16-4-1968. Teófilo de Miguel, "*Camino* traducido al gallego", *El Correo Gallego*, 10-4-1968. "La versión gallega de *Camino*", *Nuevo Diario* (Madrid), 14-4-1968. "Primera edición en gallego de *Camino*", *Diario Regional* (Valladolid), 24-4-1968. "Presentación oficial en Galicia de la primera edición en lengua gallega de *Camino*", *La Región*, 24-4-1968. "*Camino* traducido al gallego", *El Ideal Gallego*, 27-4-1968. "Presentación de la versión gallega de *Camino*", *El Progreso*, 24-4-1968.

falou en galego durante case unha hora. A conferencia de Otero Pedrayo non foi lida e tan só se conservan as súas palabras a través da extensa crónica aparecida en *El Correo Gallego*¹⁰.

Segundo o cronista ao acto asistiu un "numeroso grupo de personalidades, profesores, escritores, periodistas y críticos". A ese público dirixiu a palabra Otero Pedrayo "en términos que constituyeron una magistral pieza literaria".

Otero Pedrayo explicou os dous motivos que lle moveron a acudir a esta presentación. En primeiro lugar a mesma festa do libro "que se conmemoraba en esta jornada, haciendo una breve exaltación de tan significada efemérides a la que venía a sumarse el acto que se celebraba". De seguido Otero dixo que "se sentía orgulloso de que en su calidad de viejo peregrino por los caminos de Galicia, por los caminos de las librerías gallegas, fuese a encontrarse con el libro *Camino* vertido en nuestra lengua". A continuación pasou a expoñer "doctas consideraciones sobre los pensamientos cristianos, de reflexión y de responsabilidad espiritual". De seguido "se detuvo a glosar las *Confesiones* de San Agustín, dedicó seguidamente marcada atención al contenido del *Kempis*, el libro de todos los tiempos, y los *Pensamientos* de Pascal [que] fueron estudiados en profundidad por el orador".

De *Camino* o autor destacou "lo hermoso que resulta la traducción al gallego". Sinalou que "en sus páginas hay consejos y sentencias que son auténticos poemas en prosa muchas veces y que reflejan un alma que está moviéndose". Destacou tamén "las puras esencias que hay en su contenido y que infunden confianza en el espíritu del lector; en un mundo tan diverso de actividades". Otero Pedrayo sinalou que nesta tradución vía "un reconocimiento a la belleza, al puro sentido espiritual que tiene nuestra lengua". Indicou por último "la emoción que le había producido el honor de ser quien presentase esta edición de *Camino*, lo que acababa de hacer como el humilde tramoyista encargado de levantar el telón para un gran espectáculo de la fe y de la transcendencia".

En fin, nestas curtas liñas quixemos facer unha pequena rememoración desta primeira e única tradución ao galego en moitos anos (a segunda aparecería en 1991), dun libro do que non se pode esquecer a súa influencia dentro do pensamento católico contemporáneo.

¹⁰ "Presentación de la obra *Camino*, en versión al idioma gallego", *El Correo Gallego*, 24-4-1968